

Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se incrementa o importe das axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2010.

Por Orde do 18 de marzo de 2010 (DOG do 13 de abril), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2010.

A disposición terceira desta orde establece que o importe que se distribuirá nesta convocatoria de axudas será de corenta e nove mil novecentos un euros con corenta e dous céntimos (49.901,42 €) e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.05.423A.481.0 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Non obstante, tamén establece que o importe destas axudas se poderá incrementar se, antes da publicación da resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia*, se recibe outra transferencia do Ministerio de Educación para esta mesma finalidade.

Recibida a mencionada transferencia do Ministerio de Educación, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Incrementar a contía das axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e ás asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial ata noventa e cinco mil tres centos tres euros con corenta e dous céntimos (95.303,42 €), de acordo co establecido na disposición terceira da Orde do 18 de marzo do 2010 (DOG do 13 abril).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se designa o órgano estatístico sectorial.

O Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, regula os órganos estatísticos sectoriais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento para a súa designación. No punto 1º do seu artigo 2 establece que este órgano está integrado por unha ou varias unidades administrativas que se designarán por resolución da persoa titular do departamento en que se integra organicamente.

De conformidade co establecido nos artigos 1, 2, 3 e 7 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro,

DISPOÑO:

Primeiro.-Designar o órgano estatístico sectorial da Consellería de Sanidade, que se integrará pola unidade administrativa que se especifica a seguir:

a) Posto de traballo: Vicesecretaría Xeral, dependente da Secretaría Xeral.

b) Coordinador ou coordinadora: o funcionario ou a funcionaria titular do posto de traballo que se designa.

c) Localización física: dependencias da Secretaría Xeral, edificio administrativo de San Lázaro, Santiago de Compostela.

Segundo.-Para os efectos do rexistro a que se refire o artigo 3 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, a Secretaría Xeral comunicará ao Instituto Galego de Estatística os datos relativos á identidade da persoa que, en cada momento, ocupe o posto de traballo que se identifica no punto primeiro, que se nomeará seguindo os procedementos de previsión establecidos na normativa vixente en materia de función pública.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010.

María del Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 17 de xuño de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

A Orde do 22 de decembro de 2009 (DOG do 29 de decembro de 2009) pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, sinala no seu artigo 15, relativo ao financiamento das axudas, a partida orzamentaria e o importe destinado a financiar as axudas. Este artigo establece, así mesmo, a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria conforme o establecido no artigo 30º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e en

uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para 2010 axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

Segundo.-O incremento da dotación será de 121.621 euros para o exercicio 2010 con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.713D.770.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na dita Orde do 22 de decembro de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 15 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira.

A Lei 11/2008, do 2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, define no seu artigo 27 o marisqueo como «o exercicio da actividade extractiva, desenvolvida a pé ou desde embarcación, na zona marítima ou marítimo-terrestre dirixida de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización».

O Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 237/2002, do 11 de xullo, establece que a extracción de marisco e a recolección de algas estarán suxeitas ao Plan xeral de explotación marisqueira, aprobado con carácter anual pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, hoxe Consellería do Mar.

Consecuencia da definición de marisqueo dada pola nova Lei de pesca de Galicia, a Orde do 22 de decem-

bro de 2009 inclúe por primeira vez as medidas de xestión para a pesca do polbo para o ano 2010.

A Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira, establece os topes de capturas diferenciando o período comprendido entre o 1 de maio ao 30 de outubro e o resto da campaña. Consultado o sector afectado, considérase que o tope establecido para ambos os períodos non dá cobertura ás embarcacións que teñen máis de 5 tripulantes, polo que resulta conveniente aumentar estes topes.

No que atinxe ao horario de traballo, tamén se considera apropiado o seu cambio, atrasándoo unha hora, tanto no comezo como na finalización da actividade, xa que ao ser a nasa de polbo unha arte diúrna, o novo horario establecido nesta modificación da Orde do 22 de decembro resulta ser máis axeitado.

Por todo o exposto, logo de consultar o sector, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, e en virtude das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2010.

A Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2010, queda modificada como segue:

Un.-O artigo 9.1º d) relativo ás consideracións xerais da regulación do polbo (*Octopus vulgaris*) queda redactado da seguinte maneira:

«d) Cotas máximas de capturas. Os topes serán diarios. Os topes que se indican a continuación poderán ser modificados se a situación do recurso así o require e tras a consulta co sector implicado. Do mesmo xeito, poderán establecerse topes de captura accesoria de polbo noutras artes de pesca.

-Desde o 1 de maio ao 30 de outubro establécense en 30 quilos por embarcación, a que se engadiran 30 quilos por cada tripulante enrolado e a bordo/día ata un máximo de 210 quilogramos/día.

-No resto da campaña extractiva o tope máximo de capturas establécense en 50 quilos por embarcación, a que se engadirán 50 quilos por cada tripulante enrolado e a bordo/día, ata un máximo de 350 quilogramos/día».

Dous.-O artigo 9.2º a) relativo ao horario de traballo das embarcacións con nasa de polbo queda modificado como segue:

«a) Horario de traballo: o horario será diúrno. A actividade desenvolverase diariamente das 7.00 ás 17.00 horas da tarde. O descanso semanal establécense desde as 17.00 horas do venres ata as 7.00 horas do luns».